


# A N O S A V O Z

Revista informativa da Diocese de Lugo

Marzo 2003

Nº 41. III EPOCA



*Entón dixen: "¿que debo facer Señor?, e o Señor díxome: "érguete, vai a Damasco e alí diráseche todo o que se che pide que fagas".*

(Feitos 22,10)

## ¿Señor, que queres que faga?

Este lema céntrase na oración e no seu impulso como algo imprescindible para o cristián, onde se experimenta a proximidade e a intimidade de Deus-Amor.

Este diálogo persoal debe ser acollido no seo da Igrexa pois gracias a ela podemos escoita-la voz de Deus. Ante as dificultades nas que se atopan os mozos para orar, o sacerdote debe ensinar a orar. Ensinar a orar orando, para que, así, o mozo cristián, poida plantexarse a súa vocación dende a mellor das situacións.

## 19 de Marzo: Día do Seminario

### S U M A R I O

#### Editorial:



*A gracia dun encontro.*  
Carta pastoral do Sr. Bispo

Páx. 2

#### Reportaxe:



*O Día do Seminario é unha chamada a tódolos diocesanos para colaborar na formación dos futuros cregos.*

Páx. 4-5

#### Diocese:



*Nova configuración do ensino relixioso na Lei de Calidade da Educación.*

Páx. 8

## A gracia dun encontro

**N**a nosa experiencia persoal todos recordamos encontros que nos marcaron. Con institucións, con acontecementos e, sobre todo, con persoas. Despois de moitos anos, sentimos cómo e cómo influíron na nosa vida.

Paulo de Tarso evocou sempre con estremecida emoción o seu encontro con Cristo no camiño de Damasco. Foi naquel momento deslumbrante cando saíu do seu corazón unha pregunta que ía transformar radicalmente o curso da súa vida. Señor, ¿que queres que faga? Desde entón, o que fora perseguidor implacable dos cristiáns comezou a se-lo apóstolo infatigable que todos coñecemos.

“Señor, ¿que queres que faga?” (Feitos 22, 10). Estas palabras do Apóstolo, coas que Paulo conta a súa vocación, propóñense este ano como lema para o Día do Seminario.

É habitual entre nós dedicar esta Xornada a examina-las relacións que temos como fieis da diocese co noso Seminario: se nos interesamos por coñece-la súa situación. Se nos sentimos afectivamente próximos a el. Se valoramos suficientemente a súa importancia excepcional para a acción evangelizadora da nosa comunidade diocesana. Se oramos asiduamente polo Seminario, e contribuímos economicamente a que teña medios suficientes para a preparación dos futuros sacerdotes. Se ensinamos ós nosos nenos e xoves a encontrarse con Deus para tratar con El sobre o que proxectan para a súa vida.

De todo iso faleivos xa noutras ocasións; hoxe quero determe concretamente no último punto: a educación na oración dos nosos adolescentes. Pense que, ó propoñernos como lema para este ano o interrogante de S. Paulo, quíxose salienta-la importancia que ten para a vocación sacerdotal e, en xeral, para toda vocación cristiá, a actitude de poñernos ante Deus en situación de escoita.

O ambiente de hoxe lévanos a comportarnos como se todo dependese do home e da súa actuación. A Deus olvídase, incluso cando se trata de tomar opcións importantes. Por iso non se valora a oración, que é encontro con Deus. Entre os máis xoves a situación agrávase, ademais, por outras razóns: superficialidade, as présas, o ruído, o pánico á soidade, a busca desordenada de ter e gozar, a febleza da súa fe. É sobre todo neste raquitismo espiritual –naceron á vida da gracia pero non medraron– onde

reside, na miña opinión, o principal porqué da escaseza de vocacións ó sacerdocio e á vida consagrada.

Estamos, pois, ante un reto vital: ensinar ós nosos xoves a encontrarse con Deus. Ensinarlles a orar, a presentarse ante o Señor na verdade, estando seguros de que El nos ama tal como somos, e deixarse conducir polo seu Espírito cara á conversión.

Ensinarlles a encontrar a Deus na natureza: “Os ceos pregoan a gloria de Deus” (Sl. 19,2) dicía entusiasmado o salmista. E Xesús comenta: “Ollade os lirios do campo, as aves do ceo... Voso Pai vísteos e aliméntaos” (Mt. 26). Ensinarlles a encontrarse con Deus nos acontecementos humanos, nos que hai sempre unha chamada misteriosa á conversión. E nas persoas, desde as que Deus nos invita a saír do noso egoísmo para poñernos ó servizo dos demais. E na súa Palabra, acollida con humilde confianza e meditada.

Ensinemos, pois, ós nosos xoves a situarse como o protagonista do cartel do Día do Seminario, en actitude de recollida, escoitando a voz de Deus, que lle chega por camiños sempre inesperados.

“Fai falta -di o Papa- que a educación na oración se convirta dalgunha maneira nun punto determinante de toda programación pastoral...” E engade: “Canto axudaría que nas comunidades relixiosas, e tamén nas parroquias, nos esforzamos máis para que todo o ambiente espiritual estivera marcado pola oración” (NMI, 34).

Iniciemos na oración ós nosos xoves porque sen ela é moi difícil segui-los pasos de Xesús. **E falémoslles explicitamente** do camiño do sacerdocio. ¡Cantas veces quere Deus servirse das nosas palabras para facer chega-lo seu chamamento a quen El escolleu para o seu servizo! Tarefa apaixonante e grave responsabilidade para a comunidade cristiá.

Que o Día do Seminario nos anime a acrecenta-lo noso compromiso afectivo e efectivo con esta institución primordial. Deus segue chamando. Que non falle a nosa colaboración mediante unha oración constante e unha aportación xenerosa.

*J. José Prión*  
Obispo de Lugo

### A NOSA VOZ

Revista de información diocesana

DIRECTOR: Miguel Gómez  
CONSELLO DE REDACCIÓN: Manuel Varela, José Manuel Castro Alba, M<sup>re</sup> José Campo, Miguel Rico Gómez, Antón Negro  
ASESOR LINGÜÍSTICO: Manuel Varela  
EDITA: Secretariado de Medios de Comunicación Social e Vicaría de Pastoral da Diocese de Lugo.  
DIRECCIÓN: Bispado de Lugo. Praza de Santa María s/n. 27001. Lugo.  
Teléfono: 982 23 11 43  
Teléfono-Fax: 982 25 15 93  
E-mail: obispadodelugo@telefonica.net

A NOSA VOZ

DEPOSITO LEGAL: 649.

IMPRIME: La Voz de la Verdad. Pol. Ind. O Ceao.

### AXENDA

#### MARZO

**Día 19:** Día do Seminario. Onomástica do Sr. Bispo

**Día 22:** Xuntanza de Xoves en Santiago.

**Día 23:** Frei Xosé Gómez preside a Eucaristía no Colexio das Xosefinas con motivo da celebración do patrono do centro.

**Día 24:** Preside a Eucaristía o Sr. Bispo ás 5 da tarde na igrexa de San Froilán con motivo da festa da Lexión de María.  
Retiro de animadores de Vida Ascendente.

**Día 25:** Empeza Cursiño Prematrimonial na parroquia de San Pedro de Lugo.

#### ABRIL

**Día 5:** Empeza Cursiño Prematrimonial en Sarria.

**Día 6:** Fr. Xosé Gómez participa no Cursiño Rexional de Pastoral da Saúde en Viveiro.

**Día 8:** Ás 12 da mañá o Sr. Bispo preside a Eucaristía na Catedral con motivo da patrona da Policía Local.

**Día 11:** Vía Crucis pola muralla ás 8 da tarde presidido polo Bispo da Diocese.

**Día 12:** Xornada de convivencia do profesorado de Relixión e asesores.

**Día 16:** Santa Misa Crismal

**Día 17:** Xoves Santo

**Día 18:** Venres Santo

**Día 19:** Sábado Santo

**Día 20:** Pascua de Resurrección

**Día 21:** Comeza Cursiño Prematrimonial no Bo Pastor (Lugo)

**Días 25 e 26:** Congreso rexional de profesores de Relixión en Santiago.

**Día 26:** Pascua Bíblica